

RESOLUCIÓN DE INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Interesada: Fundación Novas

Procedemento: inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego

Tipo: modificación de estatutos

Data de iniciación: 13/01/2023

ANTECEDENTES

1.- A Fundación Novas (CIF G36194967) está inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades co número 1993/1. Polo seu carácter educativo, correspóndelle a esta Consellería o exercicio das funcións de protectorado.

2 O 13 de xaneiro de 2023 a Fundación presenta solicitude de inscrición da modificación dos seus estatutos, de conformidade co acordo acadado na reunión do padroado que tivo lugar na data 28 de xuño de 2022.

Este acordo de modificación estatutaria formalizouse en escritura pública, outorgada en Vigo (Pontevedra) o 15 de decembro de 2022, ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia, Miguel Lucas Sánchez (Notaría Reconquista), co número de protocolo 3.836. Inclúese no expediente a certificación do acordo do padroado, o texto consolidado dos novos estatutos e o xustificante de ter aboado a taxa correspondente, de conformidade co establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 As modificacións dos estatutos da fundación están incluídos entre os actos suxeitos a inscrición polo Rexistro de Fundacións de Interese Galego, segundo os artigos 54.b) da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego (DOG núm. 242, do 19.12.2006); e 21.c) do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego (DOG núm. 22, do 02.02.2009).

[Consellería de Cultura, Educación e Universidade](#)

[Servizo Técnico Xurídico da Área de Cultura](#)

[Edificio Administrativo San Caetano, s/n. - Bloque 3 – 2ª Planta](#)

[Tlf.: 981 544 846 / 981 544 841 / Correo Electrónico: \[xuridico.cultura@xunta.gal\]\(mailto:xuridico.cultura@xunta.gal\)](#)

[15781 Santiago de Compostela \(A Coruña\)](#)





2 O persoal encargado da Sección da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do Rexistro de Fundacións, analizou a documentación presentada e comprobou a súa adecuación á normativa vixente, de conformidade co artigo 27.1 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Esta Consellería é competente para a inscrición solicitada segundo o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126 do 04/07/2022), en relación co artigo 7.2.b) do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Vista a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; o Regulamento de fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro; e Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, aprobado polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro; o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as demais normas de xeral e pertinente aplicación,

RESOLVO:

Inscribir no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a escritura pública de modificación de estatutos da Fundación Novas.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co sinalado nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral técnico
Manuel Vila López

